


UNIDADE 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero

PROXECTO: COMO SE TRANSMITEN OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO?

Un proxecto é unha actividade de investigación en grupo. Para esta unidade propoñémosvos un proxecto que describa a presenza de estereotipos en ámbitos como a publicidade, os medios de comunicación, a literatura infantil e xuvenil, os libros de texto, as películas e series de televisión, os videoxogos ou a música. Segue estas instrucións:

1. Formade grupos de non máis de tres alumnas/os.
2. Cada grupo debe elixir unha das temáticas propostas ou realizar outra escolla, previa consulta coa profesora ou profesor.
3. O traballo debe conter exemplos reais, concretos e actuais de estereotipos asociados a mulleres e homes no ámbito elixido.



4. O traballo presentábase mediante calquera programa de presentación de diapositivas ou ben en formato de libro despregable. Se non sabedes o que é un libro despregable, podedes inspirarvos nos [do blog Lapicero Mágico](http://do.blog.LapiceroMágico), de onde tiramos o exemplo da esquerda.
5. O traballo debería conter:
 - a) Portada co título e membros do equipo.

- b) Relato cunha extensión non inferior a 15 diapositiva. No caso de optardes por un libro despregable, 10 apartados.
 - c) Explicación do proceso de elaboración do traballo (reparto de tarefas, dificultades atopadas, aspectos máis interesantes ao longo da elaboración...)
 - d) Recursos empregados (webgrafía, bibliografía...)
6. Os criterios de avaliación serán os seguintes:
- a) Contido do traballo e calidade da información: 4 puntos.
 - b) Calidade da exposición oral do traballo: 2 puntos.
 - c) Presentación, incluída a calidade da expresión escrita ou plástica: 2 puntos.
 - d) Capacidade de traballo en equipo: 2 puntos.